

**Abrirá 60 novas tendas RAPID nos vindeiros catro anos**

**EROSKI PRESENTA A SÚA NOVA INSIGNIA  
"RAPID" PARA TENDAS DE CONVENIENCIA**

- EROSKI amplía o seu abano de formatos comerciais con novas tendas de conveniencia, que se suman á súa rede de hipermercados, supermercados e autoservizos
- As tendas de conveniencia RAPID ofrecen a maior variedade por metro cadrado para atender ata 800 necesidades distintas do consumidor cun amplo horario comercial (de 8 a 23 horas) e durante todos os días da semana
- A súa oferta inclúe alimentos frescos, marcas líderes de fabricantes e a marca propia EROSKI
- RAPID presenta hoxe a súa primeira franquía en Mallorca, que se suma ás seis xa en funcionamento en Barcelona, abertas como tendas piloto
- O seu plan de expansión con emprendedores locais franquidados concentrarase en zonas urbanas e turísticas, principalmente en Madrid, Andalucía, Baleares, Levante e Barcelona.

Mallorca, 18 de maio do 2017.- [EROSKI](#) presentou hoxe a súa nova insignia RAPID para tendas de conveniencia, a súa última innovación en formatos comerciais. Un modelo comercial altamente competitivo, con pequenas tendas de arredor dos 150 m<sup>2</sup> en áreas moi urbanas e en zonas turísticas con alta densidade de poboación. As novas tendas RAPID destacan por ofrecer a maior oferta comercial por metro cadrado, dándolles resposta a 800 necesidades distintas do consumidor cunha gama que alcanza os 3.600 produtos cuns prezos moi axustados.

A completa gama das tendas RAPID inclúe alimentos frescos, froitas e verduras a granel, xunto con carne e peixe xa envasado, e contan con forno para ofrecer sempre pan que acaba de saír do forno. A súa variedade en alimentación, bebidas, droguería e perfumería componse con marcas líderes de fabricantes e a marca propia EROSKI.

*"Atender novas necesidades de consumo no contexto social e económico actual foi o enfoque de partida co que botamos a andar este novo proxecto. RAPID aspira a converterse na pequena tenda preferida polos consumidores para unha compra de alimentación frecuente, para preparar no día ou para comer decontado a prezos*

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

*moi competitivos"*, sinalou a directora de formatos tenda de EROSKI, Esther Saez de Vicuña.

O deseño da tenda destaca pola rapidez coa que permite realizar a compra, normalmente de camiño á casa ou ao traballo en áreas urbanas, ou en calquera momento do día nas zonas turísticas. Un deseño que responde á "falta de tempo" dun público que precisa realizar compras de conveniencia, moitas veces para responder a necesidades non previstas. A tenda incorpora, ademais, innovacións tecnolóxicas para mellorar a eficiencia enerxética e reducir o impacto ambiental. Trátase de novos sistemas e equipamentos eficientes de frío e climatización.

A situación das novas tendas de conveniencia RAPID será preferentemente en rúas con moito tránsito de peóns, en barrios residenciais e en zonas urbanas con alta densidade de poboación, e mais en zonas empresariais onde se concentre un gran número de traballadores.

Adicionalmente, as novas tendas de conveniencia RAPID tamén se espallarán a zonas de costa cunha grande afluencia de turistas. Este é o caso do establecemento hoxe presentado no número 4 da rúa Playa na localidade mallorquina de Paguera (Calviá). É a primeira tenda de conveniencia RAPID en Baleares e conta cunha sala de vendas de 152 m<sup>2</sup>. A súa posta en marcha contou cun investimento de 100.000 euros e xerou catro postos de traballo.

Esta primeira tenda en Baleares súmase ás seis xa existentes en Barcelona abertas durante a fase de deseño e á tenda piloto que durou arredor de dous anos de traballo.

### **Nova franquía para pequenos empresarios**

EROSKI considera estender a súa nova insignia RAPID para tendas de conveniencia a través de franquías con pequenos empresarios locais. A súa expansión arrinca en paralelo nas rexións de Cataluña e Baleares e irá progresivamente avanzando cara a outras áreas metropolitanas e zonas turísticas de costa.

A franquía RAPID baséase nunha relación moi próxima e frecuente co seu cliente, na que o comerciante é xestor directo do seu propio negocio co respaldo de profesionais de EROSKI cunha grande experiencia e dunha marca de confianza.

*"Os resultados das primeiras tendas RAPID superaron as expectativas do plan de viabilidade, para os franquíados e mais para nós. En EROSKI entendemos a franquía como un acordo a longo prazo con empresarios locais e prestamos un total*

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

*asesoramento dende as primeiras fases de análise e plan de viabilidade, ata o seguimento da traxectoria das tendas en funcionamento para apoiar o franquiado na xestión do seu negocio e na continua adecuación da súa oferta ás necesidades dos seus clientes", indicou o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez, quen conclúe que "o asesoramento profesional e a proximidade, xunto coa rendibilidade do negocio, son os aspectos máis salientados polos primeiros franquizados RAPID".*

EROSKI constitúe actualmente a segunda rede de supermercados franquizados de España, cunha rede de arredor de 500 tendas franquizadas. Durante os vindeiros 4 anos prevé abrir 60 novas tendas de conveniencia RAPID, principalmente en Madrid, Andalucía, Baleares, Levante e Barcelona, que se sumarán ao intenso plan de aperturas de supermercados franquizados que acelerou durante os últimos anos. EROSKI conta, ademais, con convenios asinados con distintos bancos para apoiar os seus actuais e futuros franquizados con condicións vantaxosas de financiamento para abrir unha nova tenda e responder ás necesidades derivadas da súa actividade ordinaria.

#### **Sobre EROSKI**

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.877 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasoleneiras, ópticas, oficinas de viaxes, perfumerías e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 7 millóns de Socios Clientes e con 33.870 socios cooperativistas e traballadores.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)